

SELECCIÓN DE CÁNTIGAS

(A partir da recollida realizada polo alumnado do centro no curso 2013/14 e 2014/15. O EDLG agradece a colaboración das familias e o profesorado do centro.)

O cura e mais a criada
ordenaron de cocer
a leña estaba no monte,
e o millo por moer.

O cura foi ó muíño
e *caiu* da ponte embaixo
acudídelles neniñas
que vai polo río abaixo.

Polo castro abaixo vén Rodas
arrimado a un pau de buxo
vénlle preguntar a *Sinción*
se a galiña branca puxo.

Miña sogra tenme rabia
porque lle ando co fillo
heille de mandar recado
que o meta no *bolsillo*.

Miña nai e mais a túa
quedan cun ruído armado
por culpa dunha galiña
que ten *amistá* co galo.

Unha vella dixolle á outra
polo burato da porta:
ti goberna a túa vida
que a miña nada che importa.

Unha pera, dúas peras
non me deu máis a pereira
unha é para o xastre
e outra para a costureira

Entrei na *Cruña* cantando
preguntáronme de onde era
da parroquia de Cerqueda
daquela bendita terra.

Adeus illas Sisargas
a volta che imos dando
a despedida é boa
a volta sabe *dios* cando.

Baila que podes bailar,
baila que podes bailar,
que mellores tocadoras,
nas puideches buscar.

Costureiriña bonita,
dáme unha agulla de prata,
para sacar esta espiña
do corazón que me mata.

Dáme da pera que comes,
da *mazán* un bocadiño,
da túa boca unha fala,
do corazón un cariño.

Moito hai que non nos vemos,
máis hai que non nos falamos;
xa o camiño bota herba
por onde nós paseabamos.

Sei tocar a pandeireta
coa man e mais co puño,
non me case,s miña nai
cun oleiriño de Buño.

Eu caseime por un ano
por saber que vida era
aghora que estou casada,
quen solteiriña me dera.

Teño que cantar ó vivo,
teño que cantar ó vivo,
as mociñas desta rúa
téñeno ben merecido.

O meu amor é pequeno.
eu tamén así o quero,
métoo no peto da saia,
bailo con el cando quero.

Por este que entrou no baile,
por ese que entrou *aghora*,
por ese que entrou no baile,
tocarei a noite toda.

Bailador, bailadoriño,
Bailador, bailadoriño,
o que é bo bailador,
ha de bailar amodiño.

Malpica dos meus amores,
o rei te quixo *vendere*,
para mercar a Malpica,
moitos cartos hai que *tere*.

Toca miña nena toca,
toca coas dúas mans,
non hai cousa máis bonita,
que ver bailar dous irmáns.

Baila Ramonciño baila,
ca túa cara morena,
que outro no baile non entra,
que mellor donaire teña.

Indo cara non sei *donde*
atopei a non sei quen,
á porta de xa me *esquence*,
non me podo acordar ben.

Para cantar veño eu,
para bailar meu irmán,
para tocar o pandeiro,
viva quen o ten na man!

Pos o sombreiro de lado
porque es fillo de rico,
pódelo poñer ó dereito
que eu de ti non necesito.

Aí vos vai a despedida,
mais non é para *marchare*,
é *pa* darlle a pandeireta,
a quen a queira *tocare*.

Miña nai e mais a túa
van xuntas á romería
á miña levouna *Dios*,
e a túa a Virxe María.

Miña nai, miña naiciña,
coma miña nai ningunha,
que me quentou a cariña
á caloriña da súa.

Miña nai e mais a túa
van xuntas á romaría
a túa vai de chapeu
e a miña vai de mantilla.

As de Malpica son pescas,
as de Buño son oleiras,
as de Carballo modistas,
e en Silván son costureiras.

Para Carballo vou rindo,
para Berdillo cantando,
para o lugar da Torre,
vou coma a troita nadando.

Desde o biquiño da Cereixa,
hasta o medio de Silván
todas son rosiñas
plantadas da miña man.

Vindo pola Torre abaixo,
eu sentín un asubío,
son os mozos de Silván
que andan de noite ó resío.

Túa nai anda dicindo
que non me quere *pra* nora
aínda falta saber
se a quero eu *pra* sogra.

Pasei a ponte Taboada
cunha variña na man
adiós mozas de Entrecruces,
que vou ver as de Silván.

As mociñas de Silván,
elas para todo son,
para cantar e bailar
e tirar polo *ligón*.

Quen te viu quen te verá,
mazanciña colorada,
quen te viu quen te verá,
non che puiden ver a cara.

Eu hei de ir a Silván,
unque me poñan cancelas,
unque bote toda a noite,
abrindo e cerrando nelas.

Costureiriña bonita,
onde vas tan *resalada*,
vou por aí a ver,
se hai algunha foliada.

O raposo berra, berra,
no alto de Camariñas,
que lle leven os zapatos,
que lle pican as espiñas.

Xa fun a Marín,
xa crucei o mar,
xa comín laranxas
do meu laranxal.

Teño lanchas, teño remos,
teño sardiñas no mar,
teño unha nena bonita,
pra que quero traballar.

O paxaro de María,
anda nas miñas cereixas,
come, paxariño, come,
veremos as que me deixas.

Miña nai deume unha tunda
co aro dunha peneira
miña nai teña *vergonza*
que vén a xente da feira.

Quen me compra, que lle vendo
catro cousas un real,
un xastre, unha costureira,
unha agulla e un dedal.

Non quero máis chocolate
rompiume a chocolateira
aghora vou para Noia
aprender a costureira.

Polo mar abaixo
vai unha formiga
cunha man nas pernas
e outra na barriga.

Queridiña dóenche os ollos
rézalle a santa Lucía
que chos cerre pola noite
que chos abra polo día.

Na feira de Santa Comba
comprei unha vaca mona
todo o camiño de *Dios*
veu tocando na zanfona.

Manuel por ver as nenas
fixo unha casa de prata
as nenas non lle van *pra* ela
Manuel todo se mata.

Manuel por ver as nenas
fixo una casa no monte
déixame pousada Manuel
déixame pousada esta noite.

Polo mar abaixo vai
un gato botando un berro
que lle cortaron o rabo
para bigote dos *creghos*.

Miña nai é unha pobre
e meu pai un vinculeiro
non ten *ghaliña* nin *ghalo*
que lle quente no poleiro.

Se queres que o carro cante
meu irmán Manueliño
bótalle o eixo de freixo
e as troiteiras de sanguinho.

O cregho vendiu e vendiu
o que non ten que vender
vendiu o rabo da burra
por non lle dar de comer.

-Miñato, miñato

Que levas no papo?

- Leite callado.

- Quen cho callou?

- Marica do Rei.

- Deixate que xa llo direi

Que lle levaches as chaves
da hucha ó rei.

O cregho foi o muiño
metiu a cabeza dentro
trougho a fariña na croia
para facer o *formento*.

Unha vella vella vella
vella da cabeza branca,
botou un peido na cama,
fixo levantar a manta.

O carballo da portela
ten a folla revirada,
que lla revirou o aire
unha noite de xeadá.

O raposo está berrando
na súa caseta nova
que lle leven as *ghaliñas*
que ten a muller de engroda.

O raposo está berrando
no alto de Camariñas
que lle leven os zapatos
que o pican as espiñas.

Unha vella, vella, vella,
vella como o meu chapeu,
tratáronlle o casamento
levantou as mans ao ceo.

O carballo da portela
abanea e mais non *cái*
así fai a boa nena
que se guía por seu pai.

No muíño onde eu moio
tamén moe unha rianxeira
tíralle o gran queridiña
e báixalle a batalleira.

O muíño de meu pai
eu ben lle sei o tempero
se está alto baixalo
e se está baixo erguelo.

O *cregho* e mais a criada
ordenaron unha festa,
peneiraron a fariña
ó abrigo dunha xesta.

Miña nai cando peneira
todo o corpo zarandea
ela non me quere xenro
eu xa llo teño na eira.

Ai que pereira tan alta!
ai que peras máis bonitas ten!
Elas abaixo non veñen
arriba non vai ninguén.

O muiño troula troula
a fariña por troular
a filla da muiñeira
arrabea por casar.

Este pandeiro que toco
éche de coiro de ovella,
inda onte comeu herba
hoxe toca que *arrabea*.

Este pandeiro que toco
este que teño na man
era de miña cuñada,
a muller de meu irmán.

Miña sogra *morriu* onte
enterreina no palleiro,
deixeille un braciño fóra
para tocar o pandeiro.

Pasei pola túa porta
pedinche *aughá* e non ma deches,
cando pases pola miña
fághoche o que me fixeches.

Non quero amores de Buño
que os hai na miña terra,
os de Buño son de barro,
de barro fainos calquera.

No muiño onde eu moio
tamén moe unha señora,
tízalle ó gran queridiña
tízalle ó gran que non roia.

O raposo vai berrando
polo camiño do carro
leva os ollos na cabeza
e o cu debaixo do rabo.

O paxaro cando chove,
mete o rabo na silveira
así fai a boa nena
cando non ten quen a queira.

Eu caseime cunha vella
porque tiña moito *ghando*
o *ghando* foille morrendo
e a vella vai quedando.

Na miña vida tal vin
na miña vida tal vin
unha cabra nunha *roca*
tocando no violín.

As rapazas de Rus
son pequenas e redondas
se lle apertas a barriga
botan peidos coma bombas.

Vai calando, vai calando
cara de leite fervido
semellas o noso *ghato*
cando está descolorido.

Eu fun a Montevideo
do cabalo dun mosquito
pa que digan os señores:
que cabalo máis bonito!

O gaitero de Soutelo
indo para Redondela,
perdeu a gaita no monte
anda chorando por ela.

Da uva sae o viño,
da oliva sae o aceite,
e do meu corazón,
o cariño para a xente.

Miña nai é unha pobre,
e meu pai un vinculeiro,
aínda ti non es o galo
que canta no meu poleiro.

Fíxenche unha saia nova,
pensando que *te* casabas,
fíxenche unha e mais outra,
e quedaches como estabas.

Hei de ir a Montevideo
unque que me poñan cancelas
porque se me vai o tempo,
abrindo e cerrando nelas.

Miña nena, ti es o demo
que sempre me estás atentando
cae no río, cae no mar
sempre te encontro lavando.

Vella sen dentes
vella sen moas,
pareces o demo
facendo filloas.

Para Carballo vou rindo
para Berdillo cantando
para o lugar da miña terra
vou coma unha troita nadando.

Se queres plantar salgueiros
venos plantar a Silván,
que na parroquia de Rus
non se plantan nin se dan.

Costureiriña bonita
lévame os bois a beber
pola nai que te pariu
volverasmos a traer.

Eu caseime cunha nena
porque ela cantaba ben
aghora morro de fame
porque o cantar non me mantén.

Caseime cunha vella
para me fartar de rir
heille de poñer a cama
onde non poida subir.

Unha vella dixo a outra
polo burato da porta,
ti governa a túa vida
que a miña nada che importa.

O raposo berra berra
no bico do abeneiro
cunha macheta na man
para aprender a carpinteiro.

Un xurelo pequeniño,
ten sangue no rabecho,
os rapaces de Ferrol,
teñen o pelo crecho.

Quen me dera a min saber
onde a rula ten o niño
na horta do señor cura
no máis alto ramalliño.

Vai calando, vai calando,
cara de cañoto seco,
vai calando,vai calando
que eu contigo non me meto.

Vai calando, vai calando
cara de leite fervido
pareces o noso gato
cando está descolorido.

Vai calando, vai calando
cara de leite callado,
pareces o noso gato
cando está emborrallado.

Vira e vira,
e volve a virar,
a volta do medio
é mala de dar.

Asubía que vai vento,
asubía que vai vento,
tamén eu asubiaba
cando era do teu tempo.

Un *anillo* doumo Pedro,
outro doumo Xan
como hei apañar a herba
con tantos *anillos* na man.

Meu neno pequeniño
heiche de ensinar a todo,
a cocer e amasar
e a botar o pan no forno.

Santa Minia de Brión
deitadiña na súa cama
se santa Minia non fora
Brión non valía nada.

Costureiriña bonita
a túa agulla picoume
ti como es bonita
a picada consoloume.

O paxaro cando bebe
mete o rabo entre a silveira
alegría rapaciñas
que aí vén a xente da feira.

Telo pantalón rachado
a chaqueta non é túa
O sombreiro mal prestado
e andas de rúa en rúa.

Polo mar abaixo
polo mar arriba
polo mar abaixo
miña nai querida.

Sergiño ha de ser
Sergiño ha de ser
pideme auga e dáme viño
é *señal* de me querer

Cando era pequeniño
mandáronme coas ovellas
o raposo comeume unha
aquí traio as orellas.

Caseime para a Maía
porque había moito pan
o forno de miña sogra
bota silvas polo *vran*.

Polo mar abaixo
vai un abellón,
cunha man nas pernas
e outra no calzón.

A muller de Roque Troque
ten un burato no cu
que llo fixeron os ratos
pensando que era pan cru.

Os amores de algún día,
quen me dera de os ver,
que *lle* quería preguntar
se querían volver a ser.

Teño un amor,
teño dous, teño tres,
teño un amor na montaña,
teño un amor montañés.

Teño un amor que me fala
outro que me dá diñeiro,
outro que me desengana,
ese é o verdadeiro.

Indo por aquí abaixo
indo por aquí arriba
rexubeira do inferno
eu goberno a miña vida.

Indo por aquí abaixo
como quen non quere a cousa
voulle decir a meu sogro
que ten as cabras na chousa.

Un vello de Marín
cun peido matou un burro
demo de vello
que tiña o cu ben seguro.

Meu amor pequeniño
regaloume unha navalla
cun letreiro que poñía:
“se queres comer, traballa”.

Pasei pola túa porta
pedinche auga e non ma deches
cando pases pola miña
fágoche o que me fixeches.

Pasei pola túa porta
e mirei polo tarabelo
a ladra da túa nai
encirroume o can rabelo.

Dáme da pera que comes
da mazá un bocadiño
da túa boca unha fala
do corazón un cariño.

Quen me dera saber
onde a rula ten o niño
na horta do señor cura
no máis alto ramalliño.

Miña sogra *morriu* onte
quen lle dera gloria santa
que me deixou por herdeira
dun xurelo e dunha manta.

Se ti viras o que eu vin,
non te tiñas coa risa,
vinte e cinco xastres xuntos
cosendo unha camisa.

Oca, Traba , Rus e Artes,
Bértoa, Verdillo, Carballo;
Sísamo, Goiáns e Cances,
Leiloio, Xornes e Tallo.

O cura de Vigo é xastre
o de Marín mariñeiro,
o de Ourense afiador,
e o de Noia, zapateiro.

Isca paxariño isca,
do rabelo do arado,
que ás rapaciñas de agora,
pícalle a mosca no rabo.

O teu paxaro, María,
anda nas miñas cereixas;
come paxariño, come
veremos as que me deixas.

Á túa porta, mociña
púxolle *Dios* unha estrela,
pra me alumear a min,
cando vou petar a ela.

Panadeiro dáme pan
dáme tamén unha bola,
que lle hei de rogar a *Dios*,
que o teu forno sempre coza.

Toca gaitero,
baila Martiño,
tres casamentos,
cun neto de viño.

En Ardaña hai boas mozas
en Carballo ganas delas
e na baixa de Entrecruces
bonitiñas coma estrelas.

Para sardiñas Aguiño,
para bolos Castiñeiras,
para rapazas bonitas,
Santa Uxía de Ribeira.

As de Malpica son pescas
as de Buño, son oleiras
as de Carballo, modistas
as da Brea, panadeiras.

Cando chove e quenta o sol
anda o demo por Ferrrol
cun saquiño de *alfileres*
picándolle o cu ás mulleres.

Teño bois e teño vacas,
e tamén teño cans
cando vou a Carballo
non vexo máis ca lorcháns.

Unha pera dúas peras
non tiña máis a pereira
unha será para o xastre
outra para a costureira.

Nosa señora da Guía
a guía dos mariñeiros,
guíame a miña cuadrilla
toda de mozos solteiros.

Arrabeas porque canto,
porque río moito máis,
teño que cantar e rir
para que *arrabees* máis.

Miña nai cando me reñe
peta co pé no sobrado.
ela di que non *quer* xenro
eu xa llo teño buscado.

Panadeiros de Galicia,
madrugar pola *mañán*,
non vos quededes durmidos,
non deixedes queimar o pan.

Teño unha herba na horta
que se chama *corriola*
se queres falar comigo
fáltache un ano de escola.

Chamáchesme pito choco
porque nacín no xaneiro
aínda ti non es o galo
que canta no meu poleiro.

Miña cuñadiña nova
meu irmán é o do medio
se queres que medre algo
daraslle o almorzo cedo.

Vente comigo laranxa
deixa quedar o limón
durmirás na miña cama
de par do meu corazón.

Botei un limón correndo
na túa porta parou,
non é *dino* que te eu busque
que aínda o limón buscou.

Vámonos de aquí que é horas
vámonos de aquí que é horas
vai o carro das estrelas
por riba das Casas Novas.

Anduvécheste alabando
que teu pai era moi rico
a riqueza de teu pai
lévaa o corvo no bico.

A señora santa Eufemia
ten o camarín de pedra
ben o puidera ter de ouro
miña virxe se quixera.

Unha nena nunha fonte
por unha verza bebía
a verza estaba rota
toda a auga lle vertía.

Señora María
reprenda o seu *ghalo*
que a miña *ghaliña*
ten o cu furado.

Por que non *te* casas Pedro
por que non *te* casas Xan
as que me dan non as quero
as que quero non mas dan.

Se queres que o carro cante
móllalle o eixe no río
despois de o eixe mollado
canta como un asubío.

Miña nai deume unha tunda
co coto dunha rabiza,
miña nai teña vergonza
que vén a xente da misa.

Miña nai deume unha tunda
co rodo dunha peneira
miña nai teña *vergonza*
que vén a xente da feira.

Miña sogra *morriu* onte
e deixou caldo na cunca,
véñano comer señores
pola alma da defunta.

Canta cuco, canta cuco
na rabela do arado,
ás mociñas que hai *agora*
pícalle a mosca no rabo.

Paxariño mazarico,
que estás enriba do toxo,
ti fuches o enganador
da nena do pelo roxo.

Se queres unha boa moza
non vaias á romaría,
vaina buscar á casa do seu pai
en roupa de cada día.

Nosa señora do Carme
fixo unha casa na ría,
para mirar os mariñeiros,
como pescan a sardiña.

Paxariño millarencos
dime onde tes o niño,
téño na horta do cura,
naquel alto ramalliño

Eu caseime para montaña,
pensando que había pan,
o forno de miña sogra,
bota silvas polo *vran*.

Lugariño de Silván,
cerqueino eu cunha liña,
agora que eu marchado del,
cércao ti, miña neniña.

Desde o biquiño de Cereixa
ata o fondo de Silván,
todo son rosiñas brancas,
plantadas da miña man.

Algún día por te ver
abrín a porta da eira,
agora por non te ver,
cérroa ben de carreira.

As rapaciñas de agora,
non é unha que son todas,
poñen tres pares de medias
pa facer as pernas gordas.

Non *te* cases cun ferreiro
que é moi malo de lavar
cásate cun mariñeiro
que vén lavado do mar.

O meu amor é pequeno
eu así tamén o quero,
que o meto no *bolsillo*
parrafeo cando quero.

Por aquí pasa o camiño,
por aquí pasa o carreiro,
por aquí pasa o camiño
de Silván para o Ribeiro.

San Antonio e mais San Roque
son dous santos carpinteiros,
san Antonio fai as cuncas,
e san Roque os alzadeiros.

O bombo que estou tocando
é de coiro de cacique,
se alguén me está escoitando,
que rañe onde lle pique.

Miña nai por me casar
ofreceume bois e vacas,
agora que *me* casei,
deume unha cunca de papas.

Chamáchesme moreniña,
era do *polvo* da eira.

Se me *viras* os días santos
coma guinda na guindeira!

Unha vella fixo papas
e o pote botoullas fóra,
hai un ano que foi iso
e aínda hoxe a vella chora.

Agora xa non se usa,
matar as pulgas coa uña,
métense nunha burata,
e dáse*lle* cunha cuña.

Xan do Campo vai na leña;
luns vai, martes chega,
corta talla, quinta pon,
viernes ata, *sábado* *chegha*.
Ei vén Xan, co feixe de leña!

Por que non *te* casas, Pedro?
Por que non *te* casas, Xan?
As que me dan, non as quero;
As que quero, non mas dan.